



ANUNCIO

EXTRACTO ACORDOS XUNTA DE GOBERNO DE 24.08.2016

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 24 de agosto de 2016**.

1. **Aprobación do borrador da acta** da sesión ordinaria do 17 de agosto de 2016.
2. Concesión de licenza para proxecto de legalización de 5 vivendas nas plantas segunda (dúas vivendas) e terceira (tres vivendas) de edificio de soto + baixo + 3 PP + BC, sito na rúa Real, nº 35 – Marín.
3. Dase de conta da concesión de subvención para o investimento denominado “Intervención arqueolóxica de escavación e restauración no Casto de A Subida” por importe de 14.163,29 euros.
4. Dase conta da Orde do 5 de agosto de 2016, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016.
5. Clasificación de ofertas e requirimento de documentación ao licitador proposto como adxudicatario, en relación ao expediente de contratación da obra de “HUMANIZACIÓN DA RÚA CONCEPCIÓN ARENAL, ENTRE A RÚA JAIME JANER E A RÚA DO SOL”, incluída no PPOS/15.
6. Modificación do obxecto da transferencia solicitada ao abeiro do Decreto 99/2012 do 16 de Marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30 de marzo de 2012), logo da Orde 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios.
7. **Rogos e preguntas.** Non se formulan